

MÚSICA DE ORQUESTRA BARROCA

Durante a primeira metade do s.XVII, predomina o chamado “stile concertato” (“estilo concertante”) ou moderno, en oposición ao antigo estilo renacentista ou “stile antico”.

Seguindo estes principios, o compositor destacaba en primeiro plano unha ou varias

partes solistas sostidas nun segundo plano por un acompañamento, denominado baixo continuo que se desenvolveu durante o s.XVI e a primeira metade do s.XVII e desapareceu cara ao 1750-1770.

As novas formas creadas a inicios do s.XVII (suite, sonata, concerto e fuga), conviven na primeira metade do século con xéneros musicais pertencentes ao “stile antico”. Estas novas formas da música barroca tiveron a súa orixe en Italia e cara ao 1650 comezaron a consolidarse.



SUITE



A suite é un dos primeiros xéneros de música orquestral. Nace en Francia con Lully e rápidamente traspasa fronteiras e arredor de 1690 comeza o seu esplendor en Alemaña. Entre 1690 e 1740, a suite orquestral vai ser un dos xéneros predilectos da música orquestral alemana.

Pode definirse coma unha sucesión de pezas instrumentais de caracteres contrastados e rexida por dous principios:

- tonalidade única (ás veces ampliada ao relativo)
- estilo particular da danza. Estas danzas opóñense sempre polo seu tempo (unha danza rápida sucede a unha lenta) e a súa coreografía.

Na primeira metade do século XVII, a suite soe estar constituída por un preludio en estilo de improvisación seguido por unha pavana, unha gallarda, unha allemanda e unha courante.

Na segunda metade do século, o esquema máis estendido é o seguinte: preludio, allemanda, courante, zarabanda, xiga.

<https://www.youtube.com/watch?v=xeld8joKt30>

SONATA BARROCA



A sonata derivou da canzona. As pezas denominadas sonatas soían escribirse para un ou dous instrumentos melódicos, habitualmente violíns, con baixo continuo.

Entre os creadores de sonatas debemos destacar a Giovanni Gabrieli e Frescobaldi. Pero o compositor máis destacado é Arcangelo Corelli, un dos músicos especializados na música instrumental e na técnica do violín. Ao longo de corenta anos de carreira produciu 5 libros de sonatas e un de concertos onde a forma, o estilo e a escrita alcanzan unha gran perfección.

En conclusión, a sonata barroca é unha forma instrumental que será o xerme doutras, ben sexa ampliando o número de instrumentos (dará lugar ao concerto e sinfonía), ou ben reducindo o número de instrumentos a un só oudous.

Durante o Barroco predominan:

- as sonatas a solo (composicións instrumentais a solo, polo xeral para violín ou clavicémbalo e despois para o piano forte máis o baixo continuo)
- as sonatas en trío (para tres instrumentos e o baixo continuo) sendo este último o xénero principal da música de cámara deste período.

<https://www.youtube.com/watch?v=k5ekZKhUgeQ>

CONCERTO



Os concertos son o principal tipo de música orquestral do Barroco. A nova maneira de concertar é facendo un conxunto pequeno e outro grande que van alternando en solos e tutti. É unha forma instrumental dividida en tres movementos constantes: allegro—lento—allegro.

Durante o Barroco houbo tres tipos diferentes de concertos: concerto grosso, a solo e de grupo:

-O concerto grosso consiste na alternancia entre fragmentos nos que intervén toda a orquestra (tutti) e outros nos que interveñen un pequeno grupo de instrumentos (concertino). Existen dous tipos de concertos grossos:

- concerto grosso de igrexa: comezaban cun tempo lento e os seus catro movementos seguían polo xeral o esquema: grave – allegro – adagio – allegro.
- concerto grosso de cámara: comezan en allegro e algún dos seus movementos adopta formas de danza.

-O concerto a solo ten a mesma estrutura que o concerto grosso, agás a parte que alterna co tutti que é un único instrumento. O esquema formal que segue o compositor nestas obras é allegro – adagio – allegro. Este tipo de concerto é o que vai ter máis éxito ao longo do Barroco, chegando ata o Clasicismo.

<https://www.youtube.com/watch?v=BmCRCH-D5is>

SINFONÍA

A sinfonía no Barroco non ten que ver coa sinfonía no Clasicismo. Tamén é unha peza instrumental, habitualmente nun único movemento, que se sitúa xusto diante da ópera durante todo o s.XVII, sobre todo nas composicións dos mestres venecianos. Ademais, houbo unha forma musical que se intercalaba no medio das óperas, e que constaba de tres breves movementos: allegro – adagio – allegro e que se chamou sinfonía.

<https://www.youtube.com/watch?v=UrbwAU-TyJo>

INSTRUMENTOS SOLISTAS DE TECLADO

Ademais da música instrumental para orquestra, debemos mencionar a música instrumental para teclado como instrumento solista, fundamentalmente clavecín e Órgano. O clave fai o papel solista e de continuo, sen embargo nos concertos barrocos podían substituírse os instrumentos dos concertinos sempre que as posibilidades o permitisen.

-Os preludios, toccatas e fantasías son pezas onde predomina o estilo improvisatorio. A improvisación era imprescindible na faceta interpretativa dos músicos do Barroco. A calquera posto que un músico quixera optar, esixíanlle esta capacidade de improvisación.

https://www.youtube.com/watch?v=mu_C_g8VoPE

-Fuga: Nace do ricercare e da canzona renacentistas como a máis complexa composición polifónica de estilo horizontal ou contrapuntístico, nun único movemento, estruturado de maneira que o tema reaparece constantemente acompañado dun tema secundario e vai de voz en voz ou tonalidades coma fuxindo unhas das outras.

<https://www.youtube.com/watch?v=Fddt0CyQPAM>

-Variación: É unha obra composta en seccións, onde cada unha delas desenvolve unha idea inicial. En xeral, estaban construídas sobre estruturas harmónicas, rítmicas ou melódicas.

